

Informe histórico

# Exhumación no atrio da igrexa de San Pedro de Filgueira, Crecente

Rafael García Ferreira

Grupo HISTAGRA, Universidade de Santiago de Compostela

Plan Cuadrienal de Memoria Democrática, 2021



## 1. Antecedentes

O segundo espazos proposto para realizar a intervención arqueolóxica é o adro da igrexa de San Pedro de Filgueira, no mesmo núcleo de Filgueira, do concello de Crecente. Neste caso, o cemiterio estendíase, inicialmente, ao redor da propia igrexa, con enterramentos no adro, contando tamén cunha pequena parte, nun lateral do templo, onde tamén se inhumaban aos finados. Con posterioridade, dende a década de 1940, daríanse diferentes ampliacións do mesmo que acabarían por dar lugar ao estado e terreo que ocupa na actualidade.

No ano 2010 Manuel Fernández Alberte, neto de César Alberte Domínguez, solicitou no xulgado de Ponteareas levar a cabo unha escavación na igrexa de San Pedro de Filgueira, co obxectivo de atopar os restos do propio César Alberte, desaparecido do seu domicilio en novembro de 1936. Segundo os datos aportados ao xulgado por Manuel Fernández Alberte, a información de que o seu avó podía estar enterrado ao carón da igrexa de Filgueira chegara á súa familia a través dun veciño de Arnoia, Benigno Gil Vázquez, este xa falecido naquel momento. A intervención foi levada no ano 2011 nas escaleiras de acceso ao cemiterio, seguindo as indicacións que recibira a familia de César Alberte.

Tras un primeiro intento no que se atoparon restos óseos femininos, afondouse na escavación da mesma escaleira co obxectivo de chegar aos de César Alberte. Como resultado desta segunda tentativa foron atopados os restos dun esqueleto que se correspondían cos dun varón adulto. Tras levarse a cabo os pertinentes estudos por parte do equipo antropolóxico responsable -liderado por Fernando Serrulla, do IMELGA, e parte do equipo que traballa ao abeiro deste convenio-, chegouse á conclusión de que a identificación dos restos atopados non era posible debido ao estado de degradación que presentaban.

Con posterioridade, no ano 2012, sóubose mediante unha entrevista ao antigo enterrador do cemiterio que a localización do corpo notificada á familia non era a correcta, chegándose á conclusión de que a zona onde César Alberte fora inhumado era outra.

## 2. Indagación preliminar sobre as vítimas para a súa identificación e localización

Neste caso, tan so se buscaba a unha vítima, o citado César Alberte Domínguez. Debido ás circunstancias da súa morte e á forma na que foi inhumado, este conta cun proceso de documentación diferente ao doutras vítimas da violencia que seguiu ao golpe de Estado de xullo de 1936.

Ao terse realizado unha tentativa de intervención con anterioridade, a identificación da vítima estaba adiantada en boa medida pola documentación proporcionada polos familiares do asasinado. No seu caso, César Alberte fora identificado por un coñecido -o pai da persoa que informaría á familia de onde supostamente se atopaba enterrado- ao atopalo morto a carón do río Miño, e enterrado en segredo sen notificarse naquel momento ás autoridades ou á familia. A hipótese que se manexa, e que aplica a outros falecidos da zona, é que foi asasinado río arriba e que o seu corpo foi arroxado ao mesmo, dende a zona de Castrelo de Miño, circulando polo curso fluvial ata deterse nun remanso do

mesmo. Debido a isto, non conta cun rexistro de defunción que certifique a data e o lugar de morte como tal. A datación do seu asasinato foi feita, neste caso, relacionándoa coa súa desaparición (25 de novembro de 1936), sendo esta denunciada pola súa familia ante as autoridades militares en decembro de 1936.

Debido a que a familia de César Alberte xa iniciara o proceso para a súa inhumación no ano 2010, a documentación sobre o asasinado está recollida dende aquel momento. Os feitos que rodean ás circunstancias da súa morte son tratados na causa militar aberta para investigalos. As dilixencias estaban encamiñadas á investigación dos suxeitos que a familia denunciou como aquelas persoas que o detiveran no seu propio domicilio en novembro de 1936: segundo o propio sumario da causa, Emilio Fernández Domínguez, Antonio Álvarez Bangueses e Luís Álvarez Bangueses. Sendo o día 25 no que ocorreron os feitos, asúmese esta mesma data como a de asasinato do suxeito, pois o non ter sido rexistrado o seu falecemento non se conta con outra referencia máis precisa. A información que ofrece a base de datos de Nomes e Voces está baseada nesta mesma documentación, rexistrando o mesmo día de morte.

Con motivo dunha nova intervención en Filgueira para achar o corpo de César Alberte, o equipo de traballo decidiu realizar entrevistas aos familiares e a unha serie de veciños de Filgueira para recoller máis datos sobre o asasinado, así como para precisar, na medida do posible, a información referente a que fora enterrado noutro punto diferente ao escavado no ano 2011(a este respecto véxase o punto 2.4).

### **3. Documentación do espazo a intervir**

O fondo documental empregado para coñecer con maior seguridade o espazo no que centrar a intervención está composto pola documentación xerada pola anterior tentativa e pola investigación realizada este mesmo ano para documentar o espazo. Neste sentido houbo algúns intentos que non foron frutíferos, como o de examinar o libro de defuncións da propia parroquia, onde non aparece rexistrado, tampouco, César Alberte, confirmando que o seu enterramento non foi rexistrado de ningunha forma. O proceso de investigación estivo centrado, pois, nos seguintes puntos:

I. Entrevistas. Realizáronse unha serie de entrevistas, tanto aos descendentes de César Alberte como a varios veciños de Filgueira. O obxectivo era contactar de novo coa familia para coñecer se tiveran algunha nova máis sobre o enterramento dende que se fixera a primeira tentativa de exhumación, confirmándonos que tan so lles chegara a información do enterrador entrevistado no ano 2012. Sen embargo, a entrevista realizada a Eduardo Pérez Blanco, veciño de Filgueira, acababa por confirmar a información aportada polo enterrador e a posibilidade de que César Alberte non estivera enterrado baixo as escaleiras de acceso ao cemiterio, se non na cabeceira do atrio da igrexa. Eduardo Pérez aseguraba que o primeiro punto escavado tiña que ser erróneo debido a que no ano de enterramento, a ampliación do cemiterio ata o punto no que se localizan as

escaleiras non estaba tan avanzado, concluíndose que o cadáver non puido ser enterrado e agochado debaixo delas.

II. Documentación parroquial. Foi consultada a referente ás obras do cemiterio no Arquivo Histórico Diocesano e Capitular de Tui, co obxectivo de confirmar a versión que aseguraba que o cemiterio non foi ampliado ata o punto escavado con posterioridade ao enterramento. En efecto, a documentación confirmaba que as obras non comezaron ata a década de 1940, prolongándose ata a de 1950, dándose por concluínte a hipótese de que os restos deberían de ter sido enterrados noutro punto.

#### 4. Recoñecemento e estudo do espazo

O espazo destinado a enterramentos no cemiterio de San Pedro de Filgueira era, nun primeiro momento, moi diferente ao actual. As fontes -tanto documentais como entrevistas- confirman que o primeiro lugar ocupado para as inhumacións era o atrio da propia igrexa, concretamente a parte esquerda da mesma. Á carón desta localízase a parte máis antiga do cemiterio tal e como o coñecemos hoxe en día, ampliado en boa medida, unha zona na que tamén se realizaban enterramentos tanto en fosa como en nichos. É nesta onde se poden atopar as inscricións de maior antigüedade en lápidas e demais.

Debido a que xa realizara unha intervención con anterioridade e a que as informacións posteriores falaban de que se fixera nun lugar erróneo, a investigación do espazo estivo encamiñada a recoñecer se esta hipótese era totalmente certa. Tras consultar as fontes correspondentes chegouse á conclusión de que a zona escavada non existía aínda no ano 1936, data de enterramento do asasinado, concluíndose que a información proporcionada á familia no seu momento era, tamén, incorrecta. Tanto as testemuñas entrevistadas como a documentación parroquial de ampliación do cemiterio certifican que as escaleiras non debían de existir, cando menos, ata a década de 1940. É esta tamén a que reflicta as diferentes adquisicións de terreo para inhumacións de veciños de Filgueira, o que levou a realizar unha comprobación de nomes e datas sobre o terreo que permitiu unha comprensión específica da forma en que se desenvolveron as obras e da evolución temporal da ampliación do cemiterio, que comezaría dende a primeira zona mencionada seguindo o longo da igrexa, dándosele ademais certa profundidade, abríndose un espazo que logo sería ocupado, aínda posteriormente, por novas construcións.

Concluído isto, a intervención decidíase para a cabeceira da igrexa, onde as testemuñas apuntaban que debía de ter sido enterrado César Alberte. Segundo Eduardo Pérez, era o espazo onde eran enterrados os restos dos cativos da parroquia finados no seu momento; era un sitio, ademais, que se atopa relativamente agochado, protexido das vivendas máis próximas pola propia igrexa, e na que semella que se pode levar a cabo un enterramento en segredo do feito que se fixo co de César Alberte.

A evolución da propia intervención, ao igual que no caso de Vilagarcía de Arousa, levou a comprensión do espazo a outra dimensión. Avanzados os primeiros traballos, foron atopados restos óseos de varios adultos que poderían amosar signos de violencia,

relacionada cos asasinatos levados a cabo dende xullo de 1936. A falta da confirmación por parte do equipo forense, isto podería abrir a hipótese de que a zona da cabeceira da igrexa fora empregada non so para enterrar a César Alberte, se non que se reempregara en diferentes ocasións para enterrar outros cadáveres que baixaran polo río e acabaran estancándose na zona de Filgueira, despois de ter sido asasinados curso arriba. Ante esta posibilidade pasaríamos de falar dun enterramento irregular dunha persoa asasinada a unha zona de fosa común como tal, que era empregada por unha ou máis persoas para enterrar os cadáveres atopados á beira do río Miño, sen que se deixara ningún rexistro destas inhumacións.

### **5. Coda. Os asasinatos nas ribeiras do río Miño**

O caso de César Alberte no é o único coñecido con respecto aos asasinatos nesta zona. Cando menos, en Nomes e Voces, están rexistradas dúas persoas máis, anotadas como “descoñecidas” no rexistro de defuncións, que foron inhumadas á carón do río, onde foron localizados os seus corpos. A evolución da canle do río, moito maior hoxe que na década de 1930, así como a imposibilidade de saber con exactitude o lugar empregado para o enterramento destas persoas, fai inviable a súa exhumación.

Non obstante, hai que ter en conta dous factores a este respecto. O primeiro é que se realizaran máis asasinatos nun punto máis alto do curso do río, igual que o de César Alberte ou os dos dous descoñecidos mencionados, que con posterioridade acabarían nun remanso próximo á zona de Filgueira, contemplando a posibilidade de que tamén seguiran o curso, non sendo atopados. O segundo, é que a aparición durante a intervención dunha cantidade maior de restos óseos -con posibles signos de violencia, á falta das probas forenses concluíntes-, revele que en efecto se puideron dar eses asasinatos e que, ademais, a cabeceira da igrexa de San Pedro de Filgueira se convertera nun lugar no que se realizaron diferentes enterramentos sen ningún tipo de rexistro ou control.

## 6. Fichas individuais de vítimas.

### César Alberte Domínguez, “Largo Caballero”

#### Datos

<b>Natural de</b>	Arnoia
<b>Veciño de</b>	Arnoia
<b>Idade</b>	-
<b>Profesión</b>	Carpinteiro
<b>Filiación/s</b>	-
<b>Data de morte</b>	25 de novembro de 1936
<b>Lugar de morte</b>	Castrelo de Miño
<b>Resumo</b>	Concelleiro en Arnoia dende febreiro de 1936. É detido na súa casa, sen que a familia teña constancia do seu asasinato. Identificado por un coñecido e enterrado en segredo

#### Fontes relacionadas

<b>Causa militar</b>	Nº 1334/36
<b>Bibliografía</b>	-
<b>Entrevistas</b>	Si. Pendentes de catalogación
<b>Rexistro defuncións</b>	-

## 7. Datos adjuntos

### Relación de entrevistas do fondo Terra e Memoria – Nomes e Voces empregadas. Vilagarcía de Arousa

Nº de entrevista	Nome/s de vítima/s asociada/s
2133	Eduardo Ferreirós Boullosa
2137	Juan Aragunde Alfonsín, Josefa Barreiro González, Pilar Fernández Seijo, Manuel Limeres Ordóñez, Antonio Sayanes González, Urbano Tarrío Montero
2145	Josefa Barreiro González, Manuel Limeres Ordóñez
2156	Rodrigo Berruete Alejandre, Pilar Fernández Seijo, Manuel Limeres Ordóñez, Antonio Sayanes González
2166	Rodrigo Berruete Alejandre
2404	Eduardo Ferreirós Boullosa
2405	Josefa Barreiro González, Rodrigo Berruete Alejandre
2406	Rodrigo Berruete Alejandre
2407	Eduardo Ferreirós Boullosa
2409	Josefa Barreiro González, Rodrigo Berruete Alejandre
2411	Juan Aragunde Alfonsín, Inocencio Lamas Bugallo
2412	Josefa Barreiro González, Rodrigo Berruete Alejandre, Manuel Limeres Ordóñez
2413	Josefa Barreiro González
2415	Josefa Barreiro González, Rodrigo Berruete Alejandre, Pilar Fernández Seijo, Luís Vilas Barreiro
2416	Matías Bouzada Torrado, Rodrigo Berruete Alejandre, Pilar Fernández Seijo
2418	Rodrigo Berruete Alejandre
2420	Josefa Barreiro González
2421	Rodrigo Berruete Alejandre, Pilar Fernández Seijo
2422	Rodrigo Berruete Alejandre, Luís Vilas Barreiro
2424	Josefa Barreiro González, Eduardo Ferreirós Boullosa
2426	Josefa Barreiro González, Rodrigo Berruete Alejandre, Pilar Fernández Seijo, Manuel Limeres Ordóñez
2427	Rodrigo Berruete Alejandre

2428	Rodrigo Berruete Alejandro, Antonio Sayanes González
2432	Rodrigo Berruete Alejandro, Manuel Limeres Ordóñez

Nota: non se inclúen as entrevistas realizadas e empregadas para a zona de Filgueira por estar pendente a súa catalogación dentro do fondo Terra e Memoria.

### Relación de fontes documentais

#### Arquivo municipal de Vilagarcía de Arousa

- Libro de fosa común do cemiterio municipal
- Libros rexistro de enterramentos en fosa do cemiterio municipal
- Expedientes de construción e ampliación do cemiterio municipal
- Libros de quintas

#### Arquivo Histórico Diocesano de Tui

- Carpetas do Obispado. Parroquia de San Pedro de Filgueira (1901-1959), Cemiterio

#### Arquivo parroquial de San Pedro de Filgueira

- Libro de defuncións

#### Arquivo Intermedio Militar Noroeste

- Causa nº 76/36
- Causa nº 838/36
- Causa nº 288/37
- Causa nº 488/37
- Causa nº 610/37
- Causa nº 259/38
- Causa nº 1334/36



## Bibliografía

Abuín Duro, Marcelino, *La conquista de la República. Vilagarcía de Arousa, 1920-1935*, Crendes, Sociedad Bibliográfica de Galicia, 2017

Abuín Duro, Marcelino, *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa, 1936-1941*, Crendes, Sociedad Bibliográfica de Galicia, 2018

Amoedo López, Gonzalo e Gil Moure, Roberto, *Episodios de terror durante a guerra civil na provincia de Pontevedra. A illa de San Simón*, Vigo, Xerais, 2006

Artiaga Rego, Aurora, “Wenceslao González Garra e a trama civil do golpe de Estado de 1936”, en Artiaga Rego, Aurora; Balboa López, Xesús L.; Fernández Prieto, Lourenzo e Rico Boquete, Eduardo (eds.), *Á volta do tempo. Estudos de Historia Contemporánea*, Vigo, Xerais, 2021

Ferrándiz, Francisco, “Exhuming the defeated: Civil War mass graves in 21st Century Spain”, en *American Ethnologist*, nº 40-1 (2013), pp. 38-54

Ferrándiz, Francisco, *El pasado bajo tierra. Exhumaciones contemporáneas de la guerra civil*, Barcelona, Anthropos, 2014

Míguez Macho, Antonio, “Un pasado negado. Lugares de violencia y lugares de memoria del golpe, la guerra civil y el Franquismo”, en *Confluente*, Vol. X, nº 2 (2018), pp. 127-151

Pereira, Dionísio e Fernández, Eliseo, “A represión contra o Movemento Libertario na Galiza durante a Guerra Civil e a posguerra”, en V.V.A.A., *A represión franquista en Galicia. Actas do Congreso da Memoria*, Narón, Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005, pp. 399-425

Pereira, Dionísio e Fernández, Eliseo, “Unha achega á represión franquista contra as mulleres libertarias na Galiza”, en *Unión Libre*, nº 11 (2006), pp. 75-87

Porto Ucha, Anxo Serafín, *Historias de vida. O Maxisterio pontevedrés na Segunda República, Guerra Civil e comezos do Franquismo*, Ponteareas, Alén Miño, 2003

Rodríguez Gallardo, Ángel, *O ruído da morte. A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada, Edicións do Castro, 2006

Segura, Antoni; Mayayo, Andreu e Queralt, Solé (eds.), *Fosses comunes i simbologia franquista*, Barcelona, Editorial Afers, 2009